

QUE FAI FALTA?

Texto de GIANNI RODARI

Ilustracións de SILVIA BONANNI

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 22 x 30 cm. 32 páx. 16 €.

[Que fai falta?](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-753-9. Tras os montes.

[¿Qué hace falta?](#) (castelán)

ISBN 978-84-92608-33-1. Clásicos contemporáneos.

[Què ens cal?](#) (catalán)

ISBN 978-84-16804-86-3. Clàssics contemporanis.

[Zer behar da?](#) (éuscaro)


ISBN 978-84-9172-164-2. Gaur egungo klasikoak.

*Para ter unha mesa hai falta madeira,
para ter madeira fai falta a árbore,
para ter a árbore...*

A obra de Gianni Rodari é esencial e, no ano do seu centenario, corresponde relela e propágala. O texto de «Que fai falta?» -un razoamento deductivo, ou siloxismo- conserva toda a súa forza innovadora, dende a sinxeleza e o enxeño. É o exemplo perfecto de como o autor convertía as palabras e as ideas en xoguete *poético* e intelixente; unha lectura que o cantautor italiano Sergio Endrigo converteu en canción.

O relato segue unha sucesión lóxica e graduada sobre a orixe dun obxecto cotiá, que culmina no máis fondo e, á vez, fermoso da natureza: para acadar algo moi grande, ás veces abonda co mínimo. Un libro que une a elegancia da xeometría, seguindo unha estrutura literaria circular, coa fragancia da poesía e coa orixinalidade da proposta estética.

Os *collages* de Silvia Bonanni practican ese salto creativo e transformador da arte, cunha proposta laboriosa e chea de colorido que combina todo tipo de recortes de papel impreso con elementos téxtiles.



- **Temática:** causalidade; iniciación ao pensamento racional e científico; natureza.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** centenario de Gianni Rodari; xogo poético; *collage*, tipografía integrada na ilustración; canción «[Che cosa ci vuole](#)», de Sergio Endrigo; do autor de «[Gramática da fantasía](#)», «[Contos por teléfono](#)», «[Confundindo historias](#)» e «[Inventando números](#)» (Kalandraka).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/que-fai-falta-g>

Gianni Rodari

(Omegna, Lombardía, 1920 - Roma, 1980)

Político, xornalista, pedagogo e escritor. Recibiu o Premio Andersen en 1970. Graduouse en Maxisterio e comezou impartindo clases particulares. Vencellado ao Partido Comunista Italiano, colaborou con varios xornais, como L'Ordine Nuovo e L'Unitá, onde desenvolveu a súa paixón pola literatura infantil. Baseou na realidade obras como «O planeta das árbores», pero o humor e o éxito chegaron con «Contos longos coma un sorriso», «As aventuras de Cipollino» ou «O libro dos retrousos». Outras obras mestras son «Contos a máquina», «Contos por teléfono» e «Contos para xogar», pensadas para versionar a literatura tradicional, demostrar que a brevidade pode xerar boas historias e permitirle ao lector escoller o final. A partir das súas visitas a escolas e do traballo cos nenos escribiu «Gramática da fantasía» (1973), a súa grande achega á pedagogía contemporánea, coa que transmitiu a súa idea revolucionaria e liberadora da literatura.

<https://100giannirodari.com>

Silvia Bonanni

(Milán, 1972)

Ilustradora, pintora e fotógrafa. Licenciada na Academia de Belas Artes de Brera e diplomada en Fotografía na Escola R. Bauer de Milán. Artista versátil, con máis dunha vintena de libros ilustrados e publicados en varios países, é capaz de manexar coa mesma mestría tanto o *collage* tradicional como as máis modernas técnicas dixitais. Tamén imparte talleres infantís de reciclaxe en bibliotecas, librarías, museos e festivais internacionais.

<http://www.silviabonanni.it>